

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 6 DE SETEMBRO DE 2012

Na Casa Consistorial do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 19:05 horas do 6 de setembro de 2012, baixo a Presidencia do alcalde-presidente Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, reúnen-se no salón de sesións a Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, aos efectos de realizar a sesión ordinaria convocada para o día da data, os seguintes señores/as:

D. Eduardo Ojea Arias
D. Miguel Neira Ojea
D^a Natalia Álvarez Diéguez
D^a María Mercedes Ana Moldes Ares
D. Luis Victorino Arias Fernández
D. Aurentino Alonso Araújo
D. Julio Fernández Arias
D^a María Irene Dacal Feijoo
D. Moisés Blanco Paradelo
D. Arsenio Moldes Gómez
D. Carlos Javier Crespo Díaz
D^a Nieves Rodríguez Voces
D^a María Estela Delgado Fernández
D. Antonio Melo García
D^a Manuela Rodríguez Vázquez

Non asiste D. Vitor Manuel Sierra Nieves, cuxa ausencia é desculpada polo alcalde.

Interveu como secretario D. Jesús Tallón García. Concorre o interventor D. José Manuel Muñoz Domínguez.

Declarado aberto o acto polo Sr. alcalde-presidente, procédese ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

1º Aprobación da acta da sesión do Pleno celebrada o día 19 de xullo de 2012.

Pregunta o Sr. Alcalde se alguén quere formular algunha observación a acta da sesión do Pleno celebrada o día 19 de xullo de 2012 e non formulándose observación resulta aprobadas por unanimidade dos dezaseis concelleiros

asistentes a acta da sesión extraordinaria do Pleno do Concello de 19 de xullo de 2012.

2º Aprobación, se procede, do ditame da Comisión de patrimonio, facenda, contas e promoción económica, sobre a proposta dos días inhábiles para o ano 2013.

Pola Alcaldía dáse conta do ditame da Comisión informativa de patrimonio, facenda, contas e promoción económica, celebrada o día 3 de setembro de 2012, sobre a proposta dos días inhábiles para o ano 2013.

Sen producirse intervencións procédese á votación da proposta que contén o ditame, co resultado de que, en votación ordinaria e por unanimidade dos concelleiros asistentes, o Pleno acorda:

Primeiro.- Propoñer ao órgano competente a determinación como días inhábiles no termo municipal do Barco de Valdeorras, declarándose festivos locais, as seguintes datas:

22 de maio de 2013	Día de Santa Rita
16 de setembro de 2013	Festa do Cristo

Segundo.- Dar traslado de certificación do presente acordo á Xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar.

3º Aprobación, se procede, do ditame da Comisión de patrimonio, facenda, contas e promoción económica relativo ao convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil e o Concello.

Pola Alcaldía dáse conta do ditame da Comisión informativa de patrimonio, facenda, contas e promoción económica, celebrada o día 3 de setembro de 2012, sobre o convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil e o Concello.

O alcalde fai uso da palabra para dicir que o convenio proposto nace froito das Conversas co novo presidente da Confederación Hidrográfica, polo que quere agradecer formalmente dende o Pleno o esforzo feito para que se poda levar a cabo a actuación obxecto do convenio. Prosegue dicindo que a obra que se pretende executar ao abeiro do convenio que se pretende aprobar responde a que a actual EDAR se quedou pequena, que existe un informe dunha auditora que traballa con Augas de Galicia que ditaminaba a necesidade dun millón douscentos mil euros para executar a actuación que

se pretende realizar e que a Confederación Hidrográfica estimou que se precisarían un millón e medio de euros, dos cales o oitenta por cento sería cofinanciado a través de fondos europeos pola Confederación Hidrográfica o que, di o alcalde, supón superar os límites normais de cofinanciamento polos fondos FEDER que adoitan chegar ao setenta e cinco por cento do custe da actuación. Prosegue o alcalde dicindo que tralos primeiros estudos despréndese a necesidade de executar dúas fases, que á primeira destas fases responde o convenio presentado e que prevé unha actuación que precisa un financiamento de un millón oitocentos mil euros, que a primeira fase resolverá as necesidades de depuración agás en supostos de grandes treboadas, que o Concello asume mediante o convenio proposto o compromiso do cofinanciamento que non se cubre coa aportación da Confederación e que precisamente por eso se puxo en contacto con Augas de Galicia e co Conselleiro de Medio Ambiente que dende un primeiro momento mostraron intención de colaborar co Concello na aportación municipal e que onte se recibiu escrito do propio Conselleiro polo que se compromete a achegar o cincuenta por cento das cantidades que tería que aportar o Concello. Conclúe dicindo que urxe aprobar e asinar o convenio para que en setembro ou outubro do ano que ven se adxudiquen as obras, xa que é preciso que se faga a adxudicación antes do fin do ano 2013 por mor do financiamento europeo.

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, don Moisés Blanco Paradelo, que tras dar as boas tardes e desexar unha pronta recuperación ao concelleiro delegado de medio ambiente di que o seu Grupo quere destacar dous feitos recentes, o primeiro a condea rotunda dos incendios que se produciron no Concello, que califica de importantes, e para os que, segundo el, se fixeron esforzos por todas as administracións e voluntarios que estiveron á altura das circunstancias. En segundo lugar, di que vota de menos a presenza de medios de comunicación, en concreto de onda cero que pechou, e lamenta o peche dun canal de comunicación da comarca de Valdeorras. Prosegue o sr. Blanco Paradelo dicindo que el pensaba que o alcalde agradecería tamén a xestión da oposición algunha vez, xa que a oposición, di o concelleiro, tamén traballa por conseguir investimentos para o pobo. Di que o Convenio é unha magnífica noticia nun momento no que a penas hai investimento, que é unha actuación importante para o medio ambiente e para a saúde pública e que xera satisfacción porque se seguen a realizar investimentos no Concello do Barco polo que felicitan as xestións realizadas, á Xunta de Galicia, á Confederación Hidrográfica e ao alcalde.

Fai uso da palabra o alcalde para dicir que non ten coñecemento das xestións realizadas pola oposición neste asunto, e que sabe que o sr. Blanco Paradelo foi falar co Presidente da Confederación Hidrográfica por mor das algas do río, pero que sobre este asunto non sabía que fixera xestións e que polo tanto non pode falar delas. Di que é certo que recibiron o compromiso da Xunta de Galicia que supón un aforro de mais de trescentos mil euros pero que puxo énfase no agradecemento á Confederación porque a Xunta de Galicia só vai financiar a metade do que se lle solicitou pero que tamén se lle agradece. Di que non se debe facer debate sobre este asunto e o que procede é felicitar polo investimento que se vai realizar.

Rematado o debate procédese a votación da proposta que contén o ditame, co resultado de que, en votación ordinaria e por unanimidade dos concelleiros asistentes, o Pleno acorda:

1 Aprobar o “Convenio de colaboración entre a confederación hidrográfica Miño-Sil e o Concello do Barco de Valdeorras para a financiación, execución, entrega e formalización da encomenda de xestión para o mantemento e conservación das obras de ampliación do EDAR de O Barco de Valdeorras (Ourense)”.

2 Facultar o Sr. Alcalde para asinar o convenio.

4º Aprobación, se procede, do ditame da Comisión de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica, relativo á declaración formal de especial interese social e histórico artístico de obra solicitada por Emérita Fernández Franco.

Dáse conta pola Alcaldía do ditame da comisión informativa e sen máis debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que por unanimidade dos dezaseis concelleiros asistentes o Pleno do Concello acorda:

Primeiro: A declaración formal da obra solicitada por D^a Emérita Fernández Franco (R.E. 3 de agosto de 2012) de interese social e histórico-artístico, por concorrer na edificación circunstancias de edificación de interese histórico, artístico e cultural.

Segundo: Propoñer a Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 75% do I.C.I.O.

5º Aprobación, se procede, do ditame da Comisión de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica, relativo á declaración formal de especial interese social e histórico artístico de obra solicitada por Alfonso Quiroga Sierra.

Dáse conta pola Alcaldía do ditame da comisión informativa e sen máis debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que por unanimidade dos dezaseis concelleiros asistentes o Pleno do Concello acorda:

Primeiro: A declaración formal da obra solicitada por D. Alfonso Quiroga Sierra (R.E. 16 de xullo de 2012) de interese social e histórico-artístico, por concorrer na edificación circunstancias de edificación de interese histórico, artístico e cultural.

Segundo: Propoñer a Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% do I.C.I.O.

6º Aprobación, se procede, do ditame da Comisión de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica, relativo á declaración formal de especial interese social e histórico artístico de obra solicitada por Francisco Álvarez Prada.

Dáse conta pola Alcaldía do ditame da comisión informativa e sen máis debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que por unanimidade dos dezaseis concelleiros asistentes o Pleno do Concello acorda:

Primeiro: A declaración formal da obra solicitada por D. Francisco Álvarez Prada (R.E. 26 de xuño de 2012) de interese social e histórico-artístico, por concorrer na edificación circunstancias de edificación de interese histórico, artístico e cultural.

Segundo: Propoñer a Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% do I.C.I.O.

7º Aprobación, se procede, do ditame da Comisión de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica, relativo á declaración formal de especial interese social e histórico artístico de obra solicitada por Construcciones Quico Barco S.L.

Dáse conta pola Alcaldía do ditame da comisión informativa e sen máis debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que por unanimidade dos dezaseis concelleiros asistentes o Pleno do Concello acorda:

Primeiro: A declaración formal da obra solicitada por Construciones Quico Barco (R.E. 22 de xullo de 2012) de interese social e histórico-artístico, por concorrer na edificación circunstancias de edificación de obras encamiñadas a suprimir barreiras arquitectónicas.

Segundo: Propoñer a Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 90% do I.C.I.O.

8º Aprobación, se procede, do ditame da Comisión de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica, relativo á declaración formal de especial interese social e histórico artístico de obra solicitada por Álvaro Rodríguez Álvarez.

Dáse conta pola Alcaldía do ditame da comisión informativa e sen máis debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que por unanimidade dos dezaseis concelleiros asistentes o Pleno do Concello acorda:

Primeiro: A declaración formal da obra solicitada por D. Álvaro Rodríguez Álvarez (R.E. 12 de xullo de 2012) de interese social e histórico-artístico, por concorrer na edificación circunstancias de edificación de interese histórico, artístico e cultural.

Segundo: Propoñer a Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% do I.C.I.O.

9º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposición da Alcaldía relativa á aceptación da delegación de competencias da Deputación Provincial en materia de obras.

Ratifícase en votación ordinaria e por unanimidade a inclusión na orde do día do asunto.

Explica o alcalde que se ven xeralmente non se adoptaban en asuntos similares este tipo de acordo os servizos técnicos entenden que procede. Ratifícase a inclusión na orde do día do asunto, en votación ordinaria e por unanimidade dos concelleiros asistentes.

O sr. Blanco Paradelo fai uso da palabra para dicir que se estude a posibilidade de establecer un acordo para aceptar todas as delegacións en asuntos similares.

Procédese a votación da proposición da Alcaldía, co resultado de que, en votación ordinaria, e por unanimidade dos concelleiros asistentes, o pleno acorda:

PRIMEIRO.- Acepta-la delegación de competencias para levar a cabo as obras de “Renovación infraestructuras calle Pescadores” concedida a este concello pola Excma. Deputación Provincial de Ourense con data 13 de agosto de 2012.

Neste momento auséntase da sesión o concelleiro D. Carlos Javier Crespo Díaz.

10º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, moción do Grupo municipal do PSOE relativa á necesidade de manter na Comarca de Valdeorras unha oficina liquidadora idéntica ou similar á que agora existe no Rexistro da Propiedade do Barco de Valdeorras.

Ratifícase en votación ordinaria e por unanimidade a inclusión na orde do día do asunto.

Pola Alcaldía dáse conta da moción que copiada literalmente di:

**O Grupo Municipal Socialista, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta diante do Pleno da Corporación Municipal, esta MOCIÓN, relativa á necesidade de manter, na Comarca de Valdeorras, unha oficina liquidadora idéntica ou similar á que agora existe no Rexistro da Propiedade do Barco de Valdeorras, en base á seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galicia anunciou hai uns meses a constitución da Axencia Tributaria de Galicia, o que supón a eliminación de 42 oficinas liquidadoras, entre elas a do Barco de Valdeorras, ubicada no Rexistro da Propiedade. Trátase das oficinas onde se tramitan os pagos de impostos e taxas da Xunta, entre eles os de sucesións, transmisións de bens ou sociedades. Segundo o anuncio da Xunta, xustificando nun suposto aforro de 15 millóns de euros en catro anos pola eliminación de oficinas e da Dirección Xeral de Tributos, e por un posible incremento da recadación, derivada da loita contra o fraude fiscal, só se manterán as oficinas de Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo.

Esta decisión concretárase a finais de ano, coa non renovación dos convenios que a Xunta de Galicia ten firmados cos Rexistros da Propiedade das vilas e cabeceiras de comarca do territorio. A súa posta en marcha suporá que, de xeito inmediato, os

cidadáns de Valdeorras deixarán de ter garantido o acceso territorial ás súas obrigas tributarias, e que deberán viaxar ata a capital da provincia para presentar as súas liquidacións, ou facelo por vía telemática. Nestes momentos, a presentación por vía telemática non garante un acceso igualitario para todos, xa que os datos existentes certifican que non chega ao 5% do total. Hai que ter en conta as características do rural galego, así como o envellecemento da poboación en zonas rurais, e recordar que a presentación telemática, na que a Xunta se apoia para xustificar que todos teñen garantido o acceso fácil nesta materia, é totalmente voluntaria e non permite privar as contribuíntes dos outros medios de presentación. A meirande parte dos cidadáns deberán pois viaxar a Ourense para levar a cabo un proceso que, normalmente, non precisa dunha única visita, senón de varias, o que obrigará aos cidadáns a buscar servizos de información e asesoramento que ata agora se prestaban gratuitamente nestas oficinas e que de seguro deberán pagar. É dicir, o pretendido aforro esgrimido como argumento pola Xunta de Galicia para tomar esta decisión repercutirá directamente nos petos dos cidadáns, ao incrementarse notablemente os custos dos procesos de liquidación. Outra consecuencia directa será a perda, en Galicia, de aproximadamente 150 postos de traballo de persoal cualificado que agora presta servizo en zonas do medio rural. De levarse a cabo o proxecto presentado pola Xunta, suporá un novo golpe para os cidadáns que non residen en grandes núcleos de poboación e repercutirá de xeito directo na economía de zonas duramente castigadas pola crise. Resulta letal para o tan falado e pretendido equilibrio territorial de Galicia e esquece por completo as características do territorio e a poboación galega.

Ante esta situación, o Grupo Municipal Socialista propón a adopción do seguinte

ACORDO:

Instar á Xunta de Galicia a revocar a súa decisión de eliminar as oficinas liquidadoras existentes nos Rexistros da Propiedade de vilas e cabeceiras de comarca, e que se renoven os convenios asinados, ou que se implante outra solución que permita aos cidadáns un fácil acceso as súas obrigas fiscais.

Nomeadamente, que se garante que no Concello do Barco de Valdeorras, como cabeceira da Comarca, os contribuíntes podan cumprimentar as súas obrigas tributarias coa comunidade autónoma, cando menos con idénticas facilidades das que hoxe existen.**

O alcalde fai uso da palabra para dicir que é importante saber o número de expedientes tramitados pola oficina actual e di que o ano pasado foron 1950 e que o normal é acudir dúas veces á oficina liquidadora co que, de ser suprimida, faríanse dende a comarca 3900 viaxes a Ourense. Ademais, di o alcalde, desaparecerían os postos de traballo da oficina, e cento trinta e sete en toda Galicia, polo que o aforro que se produciría segundo a Xunta de Galicia non sería tal, máis aínda, di o alcalde, cando moita xente maior non poderá ir a Ourense. Di o alcalde que existe un estudo que demostra que se recada moito mais e a xestión é mais eficiente nas oficinas liquidadoras. Di

que se trata de defender un servizo na Comarca e que fronte a súa eliminación haberá un rexeitamento xeneralizado. Di que se trata dunha ocorrencia dalgún tecnócrata que planea un aforro que na práctica non se vai producir e que hai exemplos do fracaso do sistema que se prevé establecer e cita os casos das comunidades autónomas das Illas Baleares ou Madrid que tiveron que, di o alcalde, trala supresión do servizo de liquidación, volver un ano despois ao modelo anterior do Convenio.

Fai uso da palabra o concelleiro sr. Blanco Paradelo que di que introducir unha emenda da que dá lectura e que copiada literalmente di:

****Trasladarlle a Xunta de Galicia a importancia de ter en conta outros indicadores á hora de facer unha reestruturación no funcionamento das oficinas liquidadoras, tales como a distancia entre a capital da provincia, o tempo de desprazamento, as deficientes comunicacións e o nivel de envellecemento da poboación, e deste xeito, seguir permitindo que desde o Rexistro da Propiedade de O Barco se siga prestando este servizo.****

A emenda acéptase por unanimidade dos concelleiros asistentes.

Prosegue o sr. Blanco Paradelo dicindo que non se pode desprezar calquera aforro, por pequeno que sexa e que seguro que dende a Consellería se poden presentar datos que confirman o aforro. Di que o importante é que manteñan en Valdeorras este servizo e que o seu Grupo non estará a favor da medida se non se manteñen os servizos na Comarca xa que terá un impacto negativo. Di que hai moita xente ás que se lle presta o servizo telematicamente e que ao mellor dentro de quince ou vinte anos a proposta da Consellería é axustada pero que hoxe non o é. Di que a emenda presentada ten por obxecto facer un pouco mais local a moción.

O alcalde fai uso da palabra para dicir que a clave local da moción existe e que ao trasladar soamente a parte do acordo se pode apreciar que se refire ao Concello do Barco de Valdeorras. O alcalde conclúe dicindo que non haberá o aforro pretendido coa medida da supresión das oficinas liquidadoras.

Rematado o debate procédese á votación co resultado de que, en votación ordinaria e por unanimidade dos concelleiros asistentes, o Pleno acorda:

1. Instar á Xunta de Galicia a revocar a súa decisión de eliminar as oficinas liquidadoras existentes nos Rexistros da Propiedade de vilas e cabeceiras de comarca, e que se renoven os convenios asinados, ou que se implante outra solución que permita aos cidadáns un fácil acceso as súas obrigas fiscais.

2. Trasladarlle a Xunta de Galicia a importancia de ter en conta outros indicadores á hora de facer unha reestruturación no funcionamento das

oficiñas liquidadoras, tales como a distancia entre a capital da provincia, o tempo de desprazamento, as deficientes comunicacións e o nivel de envellecemento da poboación, e deste xeito, seguir permitindo que desde o Rexistro da Propiedade de O Barco se siga prestando este servizo

3. Nomeadamente que se garante que no Concello do Barco de Valdeorras, como cabeceira de Comarca, os contribuíntes podan cumprimentar as súas obrigas tributarias coa comunidade autónoma, cando menos con idénticas facilidades das que hoxe existen.

Neste momento reincorpórase á sesión o concelleiro don Carlos Javier Crespo Díaz.

FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO

1 Mocións urxentes

1.1. Polo Grupo municipal do Partido Popular preséntase moción relativa ao impulso e dinamización da praza de abastos e dáse lectura a mesma polo seu voceiro, que copiada literalmente di:

** Moción que presenta el Grupo Municipal Popular, al amparo de lo establecido en el artículo 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, para su debate y, en su caso aprobación en el pleno ordinario del mes de Septiembre.

PLAN DE IMPULSO Y DINAMIZACIÓN DE LA PLAZA DE ABASTOS

El comercio tradicional en la actualidad está sometido a un profundo proceso de cambio que exige realizar un esfuerzo de renovación y adaptación continuo, con el objeto de que se vuelva a situar en la posición histórica que tradicionalmente vino desempeñando en el desarrollo de nuestras villas y ciudades.

Buen ejemplo de ello son las plazas de abastos que históricamente representaron el centro económico y social de cualquier pueblo, y que necesitan adaptarse a las nuevas formas de compra si quieren seguir siendo competitivas. Para ello es imprescindible tomar conciencia de la verdadera situación, aceptarla y conocer la problemática por la que atraviesa cada una de ellas.

La Plaza de Abastos de O Barco está situada en el centro de la villa, en una calle con importante actividad comercial y frecuente tránsito peatonal. Además, cuenta con unas buenas instalaciones, modernas y actuales, ocupando la planta baja de un edificio de reciente construcción (Edificio de usos múltiples del Concello de O Barco). Pero, pese a estas inmejorables condiciones, tan sólo tiene 7 puestos de

venta abiertos de los 18 disponibles. Dicho de otro modo, más del 61% de los puestos no tienen actividad.

Balance muy negativo, que viene demandando desde hace tiempo la adopción de medidas que ayuden a corregir esta situación, puesto que desde su inauguración en el 2003, año a año, se han ido cerrando puestos de venta sin que estos estén siendo nuevamente ocupados.

Por ello, desde el grupo popular proponemos la elaboración de un **Plan de Impulso y Dinamización de la Plaza de Abastos** que podría estar basado en los siguientes puntos:

-Modificación de la ordenanza reguladora de la Tasa por servicio público de la Plaza de abastos.- Que permita la bonificación del 50% o el 75% de la tasa durante el primer año de actividad dependiendo del número de personas de la unidad familiar (del adjudicatario) que estén en situación de desempleo.

-Modificación del Reglamento de Funcionamiento.- que contemple la diversificación de la oferta de venta y la posibilidad de constituir la Asociación de Placeros.

-Criterios de adjudicación de puestos.- Valorar preferentemente las solicitudes de personas que se encuentre en paro, especialmente de las mujeres, ya que la tasa de desempleo femenino en O Barco representa el 60%.

-Promover la Asociación de Placeros. Para que mejoren su organización colectiva y su capacidad de captar nuevos clientes a través de iniciativas conjuntas. Así mismo, podrían optar a las diferentes ayudas públicas que convocan las Administraciones.

-Fomentar campañas promocionales (Día del Mercado) y crear una “imagen” de marca.

-Flexibilizar horarios e incentivar nuevas medidas como la venta a domicilio, pedidos telefónicos, pagos con tarjeta etc...

-Puestos de productos tradicionales (Centro de Promoción Productos Tradicionais)

Desde el grupo popular consideramos que el Concello de O Barco como propietario del mercado tiene que jugar un papel mucho más decisivo, y hacer algo más que sacar los puestos a concesión y esperar a que los ciudadanos decidan o no presentar una solicitud.

Estos duros momentos de crisis y dificultades económicas también son buenos para nuevos proyectos y oportunidades, por eso presentamos este plan de acción completamente abierto para que todos los grupos aporten sus propuestas y entre todos consigamos revitalizar la actividad de la Plaza de Abastos, y de paso contribuir a que una decena de personas y sus familias tengan un nuevo empleo.

Por todo lo anteriormente expuesto, el Grupo Municipal del Partido Popular propone al Pleno de la Corporación la adopción del siguiente acuerdo:

- El Concello de O Barco se compromete a la elaboración de un Plan de Impulso y Dinamización de la Plaza de Abastos. **

Por unanimidade dos concelleiros asistentes en votación ordinaria acórdase a urxencia do asunto.

O alcalde fai uso da palabra para dicir que está de acordo co contido da moción, a excepción dun apartado, porque o Concello está a traballar co obxecto que persegue a moción e que así se fixeron os correspondentes expedientes de caducidade de postos e é probable que o próximo xoves se proceda a aprobar en Xunta de Goberno Local o expediente para licitar nove postos para os que existen persoas interesadas, que na licitación se contemplarán criterios como o fomento de emprego e se facilitará que poidan licitar cooperativas de calquera tipo e tamén se terán en conta circunstancias persoais como minusvalías e incluso a proposta de postos diferentes aos existentes. Di que se intentou facilitar e dinamizar a praza flexibilizando horarios e incluso aperturas a través de accesos de nova creación como unha ventá e que se pediu unha subvención o ano pasado a instancia dos praceiros. Prosegue dicindo que poden facer mais e que non hai problema en seguir traballando, que reducirán os custes para os praceiros ás taxas o que o convertirá nun negocio barato para ser no centro do pobo, que se desexa que mais xente acuda á praza e que se fixeron distintas xestións con tal obxecto pero que non deron froitos.

O sr. Blanco Paradelo fai uso da palabra para dicir que se están a traballar polo impulso da praza o están a facer mal xa que mais do sesenta por cento dos postos están valeiros. Di que os praceiros que traballan na praza poderían ver como se incrementa a súa actividade cando se ocupen os postos valeiros por efecto chamada. Di que enfocar o concurso directamente para os parados pode supoñer unha boa axuda nuns tempos difíciles, que é preciso dar todas as facilidades e que non se dan e a praza non está funcionando. Di que o alcalde está a espera ao igual que no viveiro de empresas pero que hai que saír a buscar. Di que o único investimento que se ten feito é esta nova praza do centro do pobo e que non funciona e pide que o alcalde faga un pouco de autocrítica e que todo non o fai ben e que a praza precisa unha campaña seria e que non chega con sentarse a espera.

O concelleiro Luis Victorino Arias Fernández, unha vez concedida a palabra, fai uso dela para dicir que el foi praceiro e que a praza non funciona por mor das ofertas e horarios que existen noutras superficies comerciais, e esto débese á demanda dos consumidores e que ademais o consumo diminuíu. Di que asumir un posto da praza esixe asumir uns custos

de seis mil ou sete mil euros para iniciar a actividade o que fai mais difícil comezar a actividade e a existencia de interesados en ocupar os postos.

O alcalde fai uso da palabra para dicir que hai mais que facer na praza de abastos e que a seu xuízo un dos problemas cos que se atopan os praceiros é a competencia das ofertas doutras superficies e que o que hai que facer é ir a comprar á praza de abastos.

Rematado o debate procédese a votación da moción presentada co resultado de que en votación ordinaria por nove votos en contra (dos srs. García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo Fernández Arias e Dacal Feijoo) e sete votos a favor (dos srs. Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) o Pleno do Concello non aproba a moción presentada.

1.2 Polo alcalde preséntase por urxencia asunto relativo á bonificación do I.C.I.O. solicitada por dona María del Mar Martínez García

A urxencia xustifícase na necesidade de non demorar o expediente e non causar maiores prexuízos ao solicitante.

Acórdase por unanimidade dos concelleiros asistentes a urxencia do asunto. Non producíndose debate, en votación ordinaria e por unanimidade dos concelleiros asistentes o Pleno acorda:

Primeiro: A declaración formal da obra solicitada por D^a María del Mar Martínez García (R.E. 17 de agosto de 2012) de interese social e histórico-artístico, por concorrer na edificación circunstancias de edificación de interese histórico, artístico e cultural.

Segundo: Proponer a Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 75% do I.C.I.O.

1.3 Polo alcalde preséntase por urxencia asunto relativo á bonificación do I.C.I.O. solicitada por don Miguel Álvarez Pérez

A urxencia xustifícase na necesidade de non demorar o expediente e non causar maiores prexuízos ao solicitante.

Acórdase por unanimidade dos concelleiros asistentes a urxencia do asunto. Non producíndose debate, en votación ordinaria e por unanimidade dos concelleiros asistentes o Pleno acorda:

Primeiro: A declaración formal da obra solicitada por D. Miguel Álvarez Pérez (R.E. 31 de agosto de 2012) de interese social e histórico-artístico, por concorrer na edificación circunstancias de edificación de interese histórico, artístico e cultural.

Segundo: Propoñer a Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 75% do I.C.I.O.

1.4 Polo alcalde preséntase por urxencia asunto relativo á bonificación do I.C.I.O. solicitada por don Marcos González Álvarez

A urxencia xustifícase na necesidade de non demorar o expediente e non causar maiores prexuízos ao solicitante.

Acórdase por unanimidade dos concelleiros asistentes a urxencia do asunto. Non producíndose debate, en votación ordinaria e por unanimidade dos concelleiros asistentes o Pleno acorda:

Primeiro: A declaración formal da obra solicitada por D. Marcos González Álvarez (R.E. 7 de agosto de 2012) de interese social e histórico-artístico, por concorrer na edificación circunstancias de edificación de interese histórico, artístico e cultural.

Segundo: Propoñer a Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% do I.C.I.O.

1.5 Polo alcalde preséntase por urxencia expediente relativo ao crédito extraordinario 2/2012 por importe de 3.607,52 euros, para dotar crédito para financiar gastos da xunta de compensación AR-2 SUNC do Barco de Valdeorras.

Acórdase a urxencia por unanimidade dos concelleiros asistentes.

O alcalde fai uso da palabra para dicir que se trata de dotar crédito para poder facer fronte ás contías que lle corresponde ao Concello como membro da xunta de compensación do área de reparto núm. 2, que os datos precisos para saber a canto ascenden os gastos recibíronse o día 13 de agosto e que o crédito extraordinario financiarase mediante a baixa de crédito destinado a prazas de persoal vacante.

Procédese á votación co resultado de que, en votación ordinaria e por nove votos a favor (dos srs. García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo Fernández Arias e Dacal Feijoo) e sete abstencións (dos srs. Blanco Paradelo, Moldes Gómez,

Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) o Pleno do Concello acorda:

Aprobar inicialmente o expediente de concesión de crédito extraordinario nº 02/2012 financiado integramente con cargo á modificación orzamentaria derivada do expediente de baixa por anulación 03/2012, por un importe conxunto de tres mil seiscientos sete euros con cincuenta e dous céntimos (3.607,52€) para o financiamento dos gastos citados, modificando simultaneamente o anexo de investimentos do referido Orzamento Xeral.

O financiamento do crédito extraordinario é con cargo a unha baixa por anulación por importe de 3.607,52€ na partida orzamentaria 2012-132/12000 “Retribucións básicas do persoal funcionario. Policía Local”, por estimarse reducible sen perturbar o funcionamento do servizo asociado.

1.6 Polo alcalde preséntase por urxencia expediente relativo ao crédito extraordinario 3/2012 por importe de 4.548,90 euros para dotar crédito para financiar investimentos derivados na reforma do antigo matadoiro.

Acórdase a urxencia por unanimidade dos concelleiros asistentes.

O alcalde fai uso da palabra para dicir que se trata de dotar crédito para poder facer fronte aos gastos de arranxar o matadoiro, que en principio se ían financiar con cargo a aplicacións nas que existía crédito pero que os servizos técnicos entenden que se trata dun investimento polo que se debe aprobar o crédito extraordinario e que se vai financiar mediante a baixa de crédito destinado a prazas de persoal vacante.

Procédese á votación co resultado de que, en votación ordinaria e por nove votos a favor (dos srs. García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo Fernández Arias e Dacal Feijoo) e sete abstencións (dos srs. Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) o Pleno do Concello acorda:

Aprobar inicialmente o expediente de concesión de crédito extraordinario nº 03/2012 financiado integramente con cargo á modificación orzamentaria derivada do expediente de baixa por anulación 04/2012, por un importe conxunto de catro mil cincocentos corenta e oito euros con noventa céntimos (4.548,90€) para o financiamento dos gastos citados, modificando simultaneamente o anexo de investimentos do referido Orzamento Xeral.

O financiamento do crédito extraordinario é con cargo a unha baixa por anulación por importe de 4.548,90€ na partida orzamentaria 2012-132/12000 “Retribucións básicas do persoal funcionario. Policía Local”, por estimarse reducible sen perturbar o funcionamento do servizo asociado.

2º Rogos e preguntas

Pide a palabra o sr. Arsenio Moldes Gómez que di que o 11 de xullo presentou solicitude de celebración de comisión de tráfico e que ao día data non se convocou, polo que roga que se convoque. O alcalde fai uso da palabra para dicir que se convocará e que como non había nada urxente ao existir acordo de que non se convocan as comisións durante o verán agás a de obras non se convocou, pero que se convocará en setembro e que a solicitude se atopa en poder da secretaria da comisión.

Pide a palabra o sr. Carlos Javier Crespo Díaz que fai uso dela para dicir que a primeiros de verán advertiron das deficiencias de limpeza dos parques e papeleiras e que case nada se mellorou. Di que o parque do Chao a penas ten alumado e que é no verán cando mais xente acode ao parque e pregunta que se pensa facer. O alcalde di que existen problemas de iluminación, que o electricista acudiu para arranxalos pero que é difícil arranxar estes problemas cando saltan os automáticos e que o mesmo problema ocorre na Cerámica e que en calquera caso llo dirá ao electricista para ver si se arranxou o problema. Prosegue dicindo que respecto do parque non lle consta as deficiencias e pon o exemplo de que antonte recibiu parte da rotura dunha papeleira e o mesmo día se arranxou. O concelleiro Fernández Arias fai uso da palabra para dicir que todos os días polas mañás se revisan os parques e se van limpar por protección civil e pola brigada municipal.

Fai uso da palabra a concelleira Delgado Fernández que di que a apertura da gardería se veu demorada ata o día 17 de setembro e que a demora só se avisou cun día de antelación e que antes de que diga o alcalde que foi culpa da Xunta de Galicia e aínda que non se dean subvencións, os servizos se deben cubrir e tamén o persoal. O alcalde di que parece que o único que non pode recortar servizos é o concello cando a Xunta de Galicia elimina as subvencións que os financian. Di que o Concello tiña preparado os correspondentes expedientes para proceder a dar de alta os traballadores precisos para comezar o un de setembro e non ter que depender dos programas de cooperación, programas, di o alcalde, que ao final non nos concederon este ano nin os concederán o que ven, pero que no mes de

agosto a Deputación Provincial suxeriu a posibilidade de levar a cabo un plan de cooperación para apoio aos Concellos e que tras falar co vicepresidente da Deputación e mesmo co secretario da Deputación decidiu esperar ata a última semana de agosto co obxecto de saber o número de persoal co que nos podería axudar ese plan e ao día de hoxe aínda non o comunicaron nin se vai a existir o programa de cooperación da Deputación, para o que se pediría un traballador para a ludoteca e outro para a gardería co que non se suprimiría ningún servizo. Di o alcalde que acudir ao plan de cooperación provincial para o persoal da gardería e ludoteca esixía que non se contratase o persoal antes como propio do Concello xa que do contrario non se podería incluír no plan de cooperación. Di que o luns 17 de setembro se contratará á número un da bolsa que se creou e á número dous por acumulo de tarefas para o período de adaptación para ter tempo para ver se a Deputación contrata a alguén e para o caso de non facelo contratar ata o 31 de agosto. Prosegue o alcalde dicindo que non se pode esixir ao Concello que teña diñeiro para todo cando se lle recorta e di que tamén lle afecta os recortes en trinta millóns en fomento de emprego que fixo o goberno central, que se puido ter avisado antes, que reconece que puido producir un trastorno, que os expedientes para a contratación dos traballadores estaban rematados pero que decidiron esperar para intentar aforrar o soldo que ascende a máis de vinte mil euros e que a demora no comezo será como máximo de sete días xa que o comezo do curso estaba inicialmente previsto para os día 4 ou 5.

3º Dacións de contas

1 Informe de morosidade núm. 3/2012

Dáse conta pola alcaldía-presidencia do informe de morosidade do segundo trimestre do ano 2012 (3/2012) sobre cumprimento da Lei de Morosidade e do informe da alcaldía sobre xustificación do incumprimento.

2 Resolucións da Alcaldía dende o nº 227/12 ata o nº 360/12 e das actas da Xunta de Goberno Local (28 de xuño, 5,12,19,27 de xullo e 2,16 e 23 de agosto de 2012).

A Presidencia dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria ata a data da convocatoria da sesión e que abranguen dende o nº 227/12 ata o nº 360/12, e das actas das sesións da Xunta de Goberno Local celebradas os días 28 de xuño, 5, 12, 19 e 27 de xullo e 2, 16 e 23 de agosto de 2012.

E non habendo máis asuntos que tratar polo sr. alcalde-presidente levántase a sesión sendo as 20:25 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta do que eu, como secretario, dou fe.

O secretario

O alcalde

Jesús Tallón García

Alfredo L. García Rodríguez